



**CONVOCATORIA EXTERNA PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/Á AO SERVIZO DA EMPRESA MUNICIPAL DE AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN (publicada no B.O. P. nº 213, xoves 8 de novembro de 2018)**

**NOTA INFORMATIVA**

De conformidade coa nota informativa publicada o pasado 22 de marzo de 2019 e unha vez concluído o prazo de revisión do exercicio realizado o 28 de febreiro, habilitase un prazo adicional de 7 días naturais para a presentación de reclamacións en relación ao exercicio efectuado e cualificación obtida.

O prazo para a presentación de reclamacións comeza a partir do día seguinte á publicación desta nota informativa.

As reclamacións presentaranse exclusivamente por medio de correo electrónico á dirección [convocatoriaauxadmin@emalcsa.es](mailto:convocatoriaauxadmin@emalcsa.es) e con arranxo ao modelo oficial que se adxunta á presente, que deberá estar cumprimentado de forma clara en todos os seus apartados.

Se o Tribunal acorda aceptar a anulación de máis preguntas que preguntas de reserva ten o exame, procederase á redución proporcional da puntuación mínima esixida, sendo este o procedemento habitual neste tipo de probas.

Concluído o prazo a que se refire o presente acordo, publicarase a relación definitiva de aspirantes e as cualificacións finais. Contra esta lista non cabe reclamación ante este Tribunal. Publicarase tamén a data e lugar para a celebración da proba psicotécnica obrigatoria.

Considerarase causa de exclusión automática, en calquera momento do proceso, a falta de veracidade nas condicións e méritos alegados.

A Coruña, 5 de abril de 2019

A Secretaria do Tribunal.